



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

**NOME DO DOCUMENTO:**

MPG\_SaVi\_0002\_005\_en\_0\_28\_54\_id534\_D

**AUDIO DE REFERENCIA:**

MPG\_SaVi\_0002\_005\_en\_0\_28\_54\_id534.mp3

**INFORMACIÓN DA ENTREVISTA**

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a segunda das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre algunhas artes de pesca como a fisga e a pitera; que capturas facían, como se usaban e en que embarcacións. Tamén fala de como se usaban os botes para cazar gaivotas

**NOTA DAS EDITORAS**

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eleximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

**DATOS DO CORTE**

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
  - Parroquia:** O Carmen
  - Concello:** Moaña
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia



## NOTAS DA TRANSCRICIÓN

### Aclaración de termos:

- “Cando ibas á *seca*”: ir á seca refírese a buscar o peixe na baixamar das lúas de forza.
- “*Colillo*” é un alcume e “*Jaldas*” o apelido dunha familia.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada por Xosé C. Villaverde Román e revisada por el mesmo no 2019.

### PALABRAS CHAVE

pesca , artes de pesca , fisga , pitera , palangre , buraz , trasmallo , boliche , bou , xeito , embarcación , bote , gaivotas

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA 2

P: A ver se nos acordamos de dúas cousas, sobre as artes de pesca, da pitera e da fisga.

R: A fisga. ¿Sabes para que se usaba?. Mais que nada, para os chocos.

P: Para o choco, e para a solla.

R: E solla. Pero para o que máis se usaba por aquí por esta ría ¿non? Porque a solla, dunha vez, traballa muito no arenal, non traballa no fango,. A solla no arenal, pois ó sentir o ruído, usté va nunha chalana de pouco calado, case á cala de un metro, e de noite, sentín marchar unha solla, miraba usté na piscina de agua cando escapaba un peixe, mirabas. Mirabas mellor de noite cando escapaba un peixe ca de día, pero de día, pois tapábase, cando sentía ruído tapábase. Paraba e coas alas, empezaba, tapábase, porque o arenal é máis movedizo co fango e tapábase. Entonces usaban... como conocían a cama, a cama delas, así polo da cama, pola figura da cama esta é unha solla e collía unha fisga e...

P: Porque a elas era moi difícil miralas, collían o color do arceiro no que estaba ou da seba ou donde estivera ¿non?.

R: A cama dela que tiña. Porque a area estaba facendo o que era a solla ¿non?... marcaba o peixe. E despois tamén a fisga usábase muito para o choco. Cando iba á seca porque a solla e o choco collíase muito coa seca, á seca que é ir coa fisga e cando o bote e mirando para o peixe que está parado no chán, todo á vista ¿non?, Pero tamén se usou muito a fisga para este como lle chaman...

P: A anguila.

R: Non.

P: O polbo, o pulpo.

R: Non, non. Iso se usaba a fisga muito. Mui corrente, home.

P: Que é un peixe tamén de...

R: Non, non, o modo de usar a fisga, o modo de usar a fisga... á femia.

P: Á femia.

R: Era para o choco. Usté collía dous ou tres chocos femias, que se collían cun aparello de arrastre ou unha rapeta ou un ... e había uns botes que se dedicaban a ir á femia. Enganchaban ás femias pola parte de atrás dese piteiriño que teñen.

P: Amarrábaias.



R: Amarrábaias.

P: Con que ¿cun anzuelo?

R: Cun cordel

P: ¡Ah! con un cordel si.

R: Facíaslle un buraquiño e amarrábaias cun cordel na patilla que ten atrás, e botábalas ó mar e levábanas así arrastro polo mar, entónces acudían os chocos.

P: Machos si.

R: E cando os chocos enlazábanse con elas collía usté a fisga e dáballa coa fisga e seguías pescando chocos. Eso muitas veces, muitas veces, muitas veces.

P: Muitas veces claro. E a pitera, a pitera había varios tipos ¿non? Había de tres anzuelos, de catro e despois un que tiña dez ou doce con cores que era o que se usaba para a lura ¿non?

R: Piteras había moitas piteras, e agora inda hai máis.

P: E agora hai máis.

R: Agora hai de mil cores, mil cores.

P: Si, que se mete a medias augas e despois hai que movela.

R: Si, o tempo di que... Porque as veces a lura está andando no isco da terra ¿non? Usté bota agora a dúas brazas, se acaso, quedan catro, non vai alá abaixo a liña, pero usté bota primeiramente a dúas, a tres e a catro, pero si acaso a catro non están. Pero é un peixe que se tira muito como o bonito, é parecido ó bonito, quere ese movemento de cores para aceptar ...¿Sabes con que o comparo eu? Ás mulleres, as luras e os bonitos, porque tíranse o que ...

P: E ó que se tire engancha sempre. E despois hai outra de tres ou catro anzuelos que se usaba ó mellor para coller o buracito, ou todos estes peixes que acuden muito.

R: O buracito se colle.

P: Case se colle con unha man.

R: Con unha man....

P: O buracito ou chinchos e iso.

R: O chincho case non é comedizo. Home nesa zona o chincho polo regular se pescaba co cerco, comían todo isco, collían algún pero é máis adito para pescar é o buraz.

P: O buraz. E había outro tipo, o muxo pequeno ó mellor.

R: E mais o muxo grande. Sabes que polos muelles hai muita xente a pescar muxo, rabaliza, serráns...

P: E coa pitera para coller anguila tamén ¿non?

R: A anguila, para coller a anguila máis que nada teñen o palangre.

P: O palangre.

R: O palangre porque agora vamos a supoñer que ti ves agora de Meira. E ves vindo pola beirada entre o fango e o arenal, e largas o palangre, e está o palangre alí co anzuelo e mais coa encarnada e van a comer. E cando traballas co palangre, pois levantas ese peixe todo que está embaixo, solla, anguila...

P: Entónces, falando xa así dos tipos das artes e do que pescan, había aparte do peixe había un tipo de pitera que se collían gavotas.

R: Son esas de sete ou oito anzuelos.

P: De sete ou oito anzuelos, unha pitera amarradas a un corcho redondo ¿non?

R: Esas piteras xa elas tiñan corcho porque eran feitas, esas piteras de corcho.

P: Para que flotaran.

R: Para que flotaran, entónces ese corcho collíanse os anzuelos pequenos e poñíanse por aquí e por aquí amarrabas así con fio de carrete, amarrabas así e tiñan a xouba, enganchábase polo embigo.

P: Abrías a xouba e amarrabas arredor do corcho, o corcho tiña forma de xouba tamén.

R: ¿Como?

P: ¿O corcho tiña forma de xouba?.



R: Si, era redondo por cousa do.. pero para meter despois o peixe no... ó meter o peixe e o abrir a boca xa collía o anzuelo tamén e collíanse gaviotas.

P: E a gaviota collíase polas fosas nasales ¿non?, collíase por donde ten o peteiro, ten uns buracuños por donde respiraba e quedaban enganchadas.

P: Quedaban enganchadas aquí...

P: ¿No piteiro?

R: Non enganchadas aquí, dentro da boca, moitas veces, pero eran mortales ¡eh!

P: As gaviotas, Porque piteiraban moito.

R: Cada vez que ... dábacha cada...

P: ¿E esas piteras estaban amarradas ó fondo?.

R: Estaban con unha pedra.

P: Con unha pedra.

R: Porque non podías levantar así. Algunhas veces si tiñan unha pedra pequena levábannas a ras de todo.

P: E pregunto eu, esas gavotas ¿comíanse? ¿E non sabían a bravún non sabían a maruxía?

R: Non, ¿sabes quen era o amo das gaviotas aquí? Sempre andaba a cazar nelas.

P: Eu conozo a un da miña idade ó mellor os de antes non sei, sei que o fillo de Ventura destes do Muiñeiro....

R: O pai de Pepe de Rivas, o difundo de Pepe de Rivas.

P: ¡Ai! Pepe de Rivas, si.

R: José de Laia.

P: José de Laia o que foi alcalde vamos.

R: Pois o pai dese.

P: ¿Pescaba moitas?

R: Sempre iba aí a praia, sempre iba ás gavotas...

P: ¿E gustáballe moito? Tiñan que gustarlle claro.

R: ¡Home!. As veces porque ese tamén era cazador ¿non? E tiña unha pandilla de perros tamén, que tan pronto miraban unha gavota xa pensaban que iban a matala. E despois descubriuse un aparello para coller as gaviotas, un barco.

P: ¿Un barco?

R: Sabes que antes había botes, que non eran chalanas eran botes, de dúas proas, e tiñan unha zona, unha parte do barco que lle chamaban a cadeira.

P:¿A...?

R: A cadeira, para achicar a agua ¿non?. Tiña o aparello abordo e peixe e iso. E había unha zona para que a agua acudira aquela zona e achicar. E moitas veces, cuando viñan para casa e iso, botáballe, si tiñan un pouco espadín nesa cadeira, abaixo no plano ¿non?, e baixaban elas ben, baixar baixaban a comer o peixe pero despois como a cadeira era máis estreita do que eran as alas, non podían...

P: Non podían voar.

R: Non podían...Era unha ratonera, mais ben feita ¡coño!, que daba gusto miralas. As dúas, tres, porque cando baixaban, baixaban catro xuntas pero despois non tiñan espacio para voar.

P: Claro ó baixar recollían as alas e metíanse nese sitio.

R: Non. Tropezaban, non tiñan espacio pas alas... Ahora que, comíanse moito, daquela ¡eh!.

P: ¿Sí? ¿Pero non había que poñela en adobo por culpa de que supera iso, mui fuerte?

R: Non, comíanse cocidas e de calquera maneira, daquela comíase de todo.

P: De todo. E vamos a recordar un pouco das artes, o xeito pescaba o peixe que viña migratorio ¿non? A sardiña, a xouba...

R: Depende do peixe que sea ¿non? Porque hai o xeito para varios sectores de pescado.

P: Eso, eso é o que quería saber eu.

R: Vamos arrente, chamábanlle o xeito único á sardiña ¿non? Pero tamén se pescaba xouba, tamén a rede dos trasmallos poden chamarlle o xeito tamén, porque os trasmallos non ten máis diferenza que son tres pezas, dúas pezas iguais e unha no medio máis chouza,



P: ¿E que collía?

R: ¿Qué colle? Collía o sargo, o muxo grande, a rabaliza, o robalo e todo eso. Que eran o que usaban todos estes botes pequenos antes cando iban á Illa cando o mar estaba quieto.

P: Bordeaban sempre donde había pedras e rocas ¿non?

R: Si ó lado das pedras ¿non?. Porque no momento (entra o mar) cando está nesa zona está en calma, pero en cinco minutos fórmase unha maruxía. Cando usté está completamente descuidado picouse o mar que tiñas as redes alí e xa non as poden coller. Morreu muita xente.

P: Muita xente ao andar cos trasmallos ¿non?

R: Aquí dedicábase muito a,, Había un “Colillo” de Tirán, había muita xente, os Jaldas os Jaldas de Meira, muita xente, en Tirán...

P: En Tirán casi todos.

R: Era un oficio peligroso. Non peligroso. Peligroso por iso.

P: Si nas zonas donde se faenaba.

R: Porque as zonas eran falsas. Non sabías cando tiñas o mar ben ou cando tiñas o mar bravo. E teñen dado moitos disgustos, moitos.

P: ¿E que tipo de peixe collíase co boliche, que tipo de capturas?

R: ¿O boliche?

P: Si, ¿para que se usaba máis?

R: O boliche se usaba máis... O boliche, cando non había traineras aquí, o que lle chamabas traineras, pescábase a sardiña co boliche. Non había con que collelos, había xeito, pero empezaron a coller as sardiñas aí a fóra do xurelo, fóra da Illa a largar deses boliches, que eran boliches mui grandes, pero non pescaba a cantidade á que iban porque despois veu o cerco, vamos as traineras e o que pescaban eles en dous lances pescaba..

P: Sete ou oito boliches.

R: Sete ou oito boliches...E se pasou a iso que, despois ó vir o cerco todos eses oficios desapareceron.

P: ¿Quedaron máis para os oficios baixos?

R: Porque eu decía, comprendes, ¿como o boliche, todos os aparellos que desapareceron non habería unha embarcación de pescadores que tuvesen unha zona ben situada para ensinar o aparello...Este usábase en tal fecha, tal fecha e marcar alí?... É o momento oportuno.

P: E ten. sería mui bonito.

R: Porque muitas veces agora estas personas que tiveron unha embarcación destas, preguntaría cando chegara un momento de dar un paseo por aí ¿este aparello de que é? ¿este aparello de que é?. É que non saben.

P: Non saben, non. Polo menos unha cousa proporcional en miniatura para... poñer. E co bou ¿que se pescaba?

R: O bou era para ir ó arrastre.

P: Para ir ó arrastre si.

R: Nécoras, centolas...

P: E peixes que andan polo fondo.

R: Sollas.

P: De todo o que anda polo fondo usábase o bou.

R: ...E pescábase patelos tamén, para o campo

P: O patelo para o campo claro, non se tiraba aproveitábase porque había cantidade del ¿non?

R: Había veces que no inverno viñan coa maruxía, tiraba con eles as plaias. E moitas veces pois, cando había aquí, os últimos anos, os barcos de remos, tres barcos cargados para o campo, todo para o campo, a dous duros as cestas que levaban cen quilos.